

CMUS Profesional de Viveiro



CONCELLO DE VIVEIRO

Conservatorio Profesional
de Música de Viveiro



PROGRAMACIÓN

CANTO

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	5
1. METODOLOXÍA.....	6
2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	7
3. TEMAS TRANSVERSAIS	8
3.1. EDUCACIÓN EN VALORES	8
3.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC'S).....	9
4. ACTIVIDADES CULTURAI E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS	11
5. SECUENCIACIÓN DO CURSO.....	12
5.1. ► CURSO: 1º DE GRAO PROFESIONAL	12
5.1.1. <i>Obxectivos</i>	12
5.1.2. <i>Contidos</i>	12
5.1.3. <i>Avaliación</i>	12
5.1.4. <i>Medidas de recuperación</i>	14
5.1.5. <i>Recursos didácticos</i>	15
5.2. ► CURSO: 2º DE GRAO PROFESIONAL	16
5.2.1. <i>Obxectivos</i>	16
5.2.2. <i>Contidos</i>	16
5.2.3. <i>Avaliación</i>	16
5.2.4. <i>Medidas de recuperación</i>	19
5.2.5. <i>Recursos didácticos</i>	19
5.3. ► CURSO: 3º DE GRAO PROFESIONAL	21
5.3.1. <i>Obxectivos</i>	21
5.3.2. <i>Contidos</i>	21
5.3.3. <i>Avaliación</i>	21
5.3.4. <i>Medidas de recuperación</i>	24

5.3.5.	<i>Recursos didácticos</i>	24
5.4.	▶ CURSO: 4º DE GRAO PROFESIONAL	26
5.4.1.	<i>Obxectivos</i>	26
5.4.2.	<i>Contidos</i>	26
5.4.3.	<i>Avaliación</i>	26
5.4.4.	<i>Medidas de recuperación</i>	29
5.4.5.	<i>Recursos didácticos</i>	29
5.5.	▶ CURSO: 5º DE GRAO PROFESIONAL	31
5.5.1.	<i>Obxectivos</i>	31
5.5.2.	<i>Contidos</i>	31
5.5.3.	<i>Avaliación</i>	31
5.5.4.	<i>Medidas de recuperación</i>	34
5.5.5.	<i>Recursos didácticos</i>	34
5.6.	▶ CURSO: 6º DE GRAO PROFESIONAL	36
5.6.1.	<i>Obxectivos</i>	36
5.6.2.	<i>Contidos</i>	36
5.6.3.	<i>Avaliación</i>	36
5.6.4.	<i>Medidas de recuperación</i>	39
5.6.5.	<i>Recursos didácticos</i>	39
6.	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	41
7.	PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO	42
8.	ANEXOS	43
8.1.	CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DOS PREMIOS FIN DE GRAO.....	43
8.2.	PROBAS DE ACCESO.....	44
	▶ PROBA DE ACCESO A PRIMEIRO DE GRAO PROFESIONAL.....	44
	▶ PROBA DE ACCESO A SEGUNDO DE GRAO PROFESIONAL.....	45
	▶ PROBA DE ACCESO A TERCEIRO DE GRAO PROFESIONAL	46

➤ PROBA DE ACCESO A CUARTO DE GRAO PROFESIONAL.....	47
➤ PROBA DE ACCESO A QUINTO DE GRAO PROFESIONAL.....	48
➤ PROBA DE ACCESO A SEXTO DE GRAO PROFESIONAL.....	49

INTRODUCCIÓN

As ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ten por finalidade promocionalle ao alumnado unha formación artística de calidade, así como a de garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no seu artigo 6.2 atribúe ao Goberno fixar as ensinanzas mínimas, que constitúen os aspectos básicos do currículo, co fin de garantir unha formación común a todos os alumnos/as e a validez dos títulos correspondentes. Así mesmo, o artigo 6.4 determina que as administracións educativas competentes establecerán o currículo das distintas ensinanzas reguladas pola mesma, que deberá incluír os aspectos básicos relativos aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación que constitúen as ensinanzas mínimas.

O Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro, fixa os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola LOE.

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese que a finalidade das ensinanzas profesionais de música é a de proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

A presente programación da concreción aos anteriores decretos a nivel de centro, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento.

1. METODOLOXÍA

A metodoloxía que se vai a aplicar na aula desenrolarase de acordo aos seguintes principios xerais:

- Aprendizaxe funcional (partindo do nivel real de coñecementos dos alumn@s).
- Ensinanza dinamizadora (provocar o estímulo e o interese no alumnado polo seu propio progreso, favorecer a súa autonomía e capacidade de superación,..).
- Adaptación á diversidade do alumn@ (metodoloxías diversas e actividades diferenciadas, adaptándonos ás características particulares de cada alumn@).
- Interdisciplinabilidade (aplicando o principio de “Globalización”, relacionar os contados propios con outras materias do Currículo, traballo en coordinación con todo o equipo docente, etc).
- Avaliación continuada e constante (da Programación Didáctica, de cada alumn@ de xeito personalizado, do proceso de ensinanza-aprendizaxe, da práctica docente, ...).

As actividades didácticas que se levarán a cabo nas clases son as seguintes:

- Realización de exercicios de respiración e relaxación que permitan desenrolar a técnica para alcanzar os obxectivos previstos para o curso.
- Realización de vocalizacións e exercicios vocais que permitan alcanzar a técnica suficiente para o traballo das obras previstas para o curso.
- Traballo de obras que permitan o desenvolvemento dos obxectivos e contidos propios do curso.
- Preparación de audicións públicas que permitan ao alumnado desenrolarse como futuros profesionais.

2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Distinguiremos diferentes necesidades específicas atendendo a lo menos dun xeito moi xeral a tres categorías ou grupos.

a) Alumnos con necesidades educativas especiais:

Incluirase aquí os alumnos con discapacidades (visuais auditivas ou calquera outra limitación física) ou problemas de conduta graves (antisociais, complexos e calquera tipo de tensións)

b) Alumnos con alta capacidade intelectual:

Aqueles alumnos que precisen ampliación de coñecementos respecto dos contemplados para o seu nivel.

c) Alumnos de incorporación tardía ao Sistema Educativo:

Aqueles alumnos (principalmente estranxeiros) que se incorporan non dende o inicio se non en cursos intermedios e que proceden doutro ámbito educativo.

En todos estes casos aplicaranse os seguintes principios xerais atendendo a cada necesidade:

1. Adaptacións do material didáctico, que ofrezan unha ampla gama de actividades didácticas que respondan os diferentes graos de aprendizaxe.
2. Variacións da metodoloxía, para adaptala ás necesidades de cada alumno.
3. Propoñer actividades de traballo diferenciadas. O profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.
4. Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
5. Acelerar ou frear o ritmo de introducción de novos contidos adaptándose ao alumno individualmente.
6. A adaptación dos obxetivos e por tanto dos contidos terá que respetar os mínimos esixibles fixados na programación.

3. TEMAS TRANSVERSAIS

3.1. EDUCACIÓN EN VALORES

O desenvolvemento integral do alumno non debe estar limitado á adquisición de conceptos e coñecementos académicos vinculados exclusivamente a cada unha das súas áreas, senón que debe formar aos alumnos para integrarse na sociedade actual, sabendo responder de maneira adecuada aos problemas que esta sociedade implica.

Esta formación, que non está definida en ningunha das áreas, debe estar presente na aula de forma permanente, e maniféstase a través do que coñecemos como temas transversais.

A forma na que entendemos o tratamento destes temas transversais fica reflectida nos obxectivos seguintes:

- Educación para a paz.
 - Adestrarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.
- Educación moral e cívica.
 - Participar en tarefas comúns, mostrando actitudes de colaboración e respecto polas opinións e propostas alleas.
 - O respecto pola autonomía dos demais.
- Educación para a igualdade entre os sexos.
 - Desenvolver a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.
 - Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuizos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc.
- Educación para a saúde, (postural, auditiva).
 - Proporcionar un contexto adecuado para realizar unha valoración crítica de determinados hábitos relacionados coa saúde.
- Educación para o consumidor.
 - Crear unha conciencia de consumidor responsábel que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.

Dende a música, moitos destes temas poden tratarse propoñendo actividades que se desenvolvan en grupo, xa que estas favorecen a comunicación dos alumnos e fomentan actitudes de convivencia.

Ademais, na música pódense tratar contidos relacionados directamente coa saúde (o uso adecuado do corpo á hora de tocar o instrumento precisa dun coñecemento e coidado do mesmo, especialmente ante problemas habituais na adolescencia. Tratar temas que relacionados directamente coa paz (o coñecemento da música de outras culturas aumenta o respecto cara estas, comprendendo que o mundo non é só a música e culturas occidentais, nin as súas visións). Tratar temas relacionados coa educación para o consumidor, onde se pode analizar o mercado musical, os prezos dos cd's, o pirateo, a vulneración dos dereitos de propiedade intelectual. Tratar o uso da música nas publicidades, nos grandes almacéns, así como o efecto que pode producir no consumidor, cara quen vai dirixido.

3.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC'S)

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día mais patente, a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cingúese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias que a priori poden parecer pouco dadas ao uso das TIC's pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe. O uso de materiais audiovisuais relacionados ca materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc.

Estas plataformas unidas á compartición masiva de material audiovisual facilita o seu uso no aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical. Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (videocámaras, grabadoras, tablets, teléfonos, etc) permite analizar as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno. O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso no aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox ou Google Drive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor. Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc. O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados na aula debe respectar en todo momento as leis de distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

Podemos facer a seguinte clasificación das TIC de utilidade para o proceso de ensino na materia:

- Medios Audiovisuais:
 - Equipo audiovisual: Visionado e análise comentada cos alumnos de vídeos de audicións e actividades do centro, concertos, documentais de interese, óperas, etc., por medio do ordenador e das carpetas para carga de arquivos, habilitadas na Aula virtual do centro.
 - Servidor do centro: creación dun arquivo do departamento, de vídeos e fotografías, nas carpetas habilitadas para o profesorado na Aula virtual do centro para o seu posterior visionado nas clases, e como arquivo histórico do departamento e do Conservatorio.
- Medios en internet:
 - Utilización de webs como *Youtube*, *Vimeo*, etc., para visualización de videos e concertos de obras incluídas na programación.
 - Utilización de webs de partituras gratuítas e libres de dereitos como *Imslp.org*.
 - Utilización de programas de audio como *Goear*.
 - Utilización de plataformas como Dropbox ou Google drive para a compartición de arquivos.

- Programas informáticos:
 - De edición de partituras, como Finale, Sibelius, Encore, etc.
 - De audio, como Spotify.

- Medios para a comunicación:
 - O portal do centro para comunicación á comunidade escolar e ao alumnado da materia das actividades programadas, audicións, eventos, etc.
 - A Aula Virtual para traslado de arquivos, traballos do alumnado, e comunicación de actividades.
 - Programas de Mensaxería tipo Whatsapp ou e-mail.

4. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSIANZAS

Unha actividade pedagóxica moderna non pode quedar reducida ao ámbito da aula, aínda sendo este o espazo central do proceso educativo. Este traballo pode verse complementado por outras tarefas realizadas noutros espazos do propio centro ou doutras entidades colaboradoras.

Estas actividades están orientadas a superar o marco tradicional das clases de instrumento, complementándoas con actividades o máis variadas posibles que poñan en contacto os nosos alumnos coa realidade musical nun senso máis amplo, permitíndolles conectar esta realidade coa sociedade e a cultura do noso tempo.

Para que estas actividades teñan o máximo proveito, deben relacionarse có proceso xeral de aprendizaxe en resposta a unha adecuada planificación.

Clasificación das actividades:

Organizadas polo departamento:

- Faranse alomenos dúas audicións por curso seguidas de comentarios colectivos de profesores e alumnos sobre as mesmas. Fomentarase a crítica construtiva e evítanse comentarios de mal gusto. O obxectivo será aprender colectivamente dos erros e das virtudes dos alumnos e ao mesmo tempo servirá como exemplo de colaboración entre os profesores para compartir ideas e achegar solucións conxuntas aos problemas que tiveron os alumnos nas súas actuacións. Sería de interese ademáis a participación nos concertos e eventos organizados polo centro.
- Posta en escea de fragmentos ou arias de ópera e/ou zarzuela.
- Igualmente farase o posible para realizar algún curso dalgunha materia relacionada coa especialidade de Canto (técnica vocal, escea, idiomas, etc.).

En colaboración con outros departamentos:

- Colaboración coas agrupacións do Conservatorio ou con pequenos grupos de cámara pois este tipo de actividades son moi motivadoras para os alumnos.
- Colaboración co Departamento de Fundamentos de composición. Podemos solicitar aos profesores que os seus alumnos compoñan algunha obra de nivel sinxelo para os alumnos de canto para posteriormente estrealas en algún concerto ou audición.

Organizadas por institucións externas ó centro:

- Asistencia a concertos e conferencias de institucións que teñan unha relación transversal coa música (Facultade de Xeografía e Historia, Belas Artes, Orquestra Sinfónica de Galicia, Real filarmonía de Santiago, etc...)

Os alumnos e alumnas e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para incentivar aos alumnos e alumnas e mellorar a súa educación, se resaltarán, ademáis valores de respecto e convivencia, entre outros.

5. SECUENCIACIÓN DO CURSO

5.1. ► CURSO: 1º DE GRAO PROFESIONAL

5.1.1. Obxectivos

- Adecuar as posturas corporais e a xestualidade as esixencias da produción e emisión correcta dos sons cantados.
- Coñecer a anatomía e fisioloxía da respiración.
- Aprender e aplicar a técnica respiratoria ao canto.
- Coñecer a anatomía e fisioloxía da produción da voz.
- Iniciarse no coñecemento e autocontrol da propia voz, ata acadar unha perfecta afinación.
- Interpretar o Repertorio sinalado para o curso coa maior corrección vocal e estilística, respectando as características propias dos diferentes períodos musicais.

5.1.2. Contidos

CONTIDOS TÉCNICOS

- Adecuación da posturas corporal para o Canto.
- Coñecemento da anatomía e fisioloxía da respiración.
- Realización de exercicios de relaxación.
- Descrición da anatomía e fisioloxía da produción da voz.
- Control e autorregulación da Afinación.
- Iniciación ás Vocalizacións, no rexistro Medio, e por Graos Conxuntos.

REPERTORIO

- Canción de Concerto Española: 2 obras
- Arias Antigas Italianas: 3 obras

5.1.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Mantén unha boa postura ó cantar.
- Posúe os hábitos respiratorios axeitados.
- Mantén unha emisión controlada evitando erros de afinación.
- Ten os coñecementos básicos de anatomía e fisioloxía correspondentes ó curso.
- Interpreta (de memoria cando é o caso) coa suficiente corrección técnica e estilística e respectando as características propias dos diferentes períodos musicais, o repertorio correspondente ó curso.

Mínimos esixibles

Para superar cada trimestre e polo tanto o curso o alumnado terá que:

1º TRIMESTRE:

Acadar unha postura corporal e xestualidade axeitadas ao canto.

Coñecer a anatomía e fisioloxía da respiración.

Aprender os mecanismos idóneos para o canto.

2º TRIMESTRE:

Coñecer a anatomía e fisioloxía da produción do son.

Obter un control suficiente do aire segundo os mecanismos aprendidos no primeiro trimestre.

Adequar a xestualidade ao traballo vocal e escénico.

Superar a metade do repertorio establecido para o curso

3º TRIMESTRE:

Obter unha forma bucal idónea para a correcta emisión do son segundo os coñecementos obtidos no segundo trimestre.

Ampliar o control sobre o fiato.

Adequar a xestualidade ao traballo vocal e escénico.

Superar a totalidade do repertorio establecido para o curso. As arias antigas deberán ser interpretadas de memoria.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma mais axeitada.
- **Continua:** Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cada seu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno.

Esta serie básica de ferramentas de avaliación sería:

- Control periódico do grao de consecución dos obxectivos teóricos mediante a realización de probas trimestrais
- Control periódico do grao de consecución dos obxectivos prácticos e de Repertorio mediante a realización de audicións públicas (alomenos dúas por curso) e pequenas audicións de clase.
- Observación diaria e sistemática do alumnado para valorar o nivel de atención e a actitude

fronte a materia.

- Control de asistencia e aproveitamento das clases.

Criterios de cualificación

Ponderarase en base aos seguintes parámetros, de 1 a 10, para a cualificación dos alumnos:

- Son: beleza vocálica, alcance o presenza do mesmo, timbre uniforme, afinación, medida, etc.
- Técnica e Interpretación : Reguladores e matices dinámicos, “fiato”, expresión, dicción, liña vocal, dificultades técnicas segundo cada nivel, etc.
- Repertorio: Cantidade e calidade do mesmo.
- Actitude: Nivel de atención, concentración e colaboración na clase, grao de interese, asistencia, etc.

O alumnado deberá obter como mínimo un aprobado (5) en cada un dos parámetros para superar a materia.

A cualificación final ponderarase deste xeito:

- a) Valoración dos contidos específicos do curso: 80%.
- b) Valoración das actividades (10%): Audicións, concertos, etc.
- c) Actitude(10%).

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumno supere os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, e que o profesor considere que pode superar os do seguinte.

O Alumno/a interesado en ampliar matrícula notificará este feito aos profesores/as de todas as materias das que estea matriculado. O alumno poderá solicitar permiso para asistir coma oínte ás clases do curso ao que quere ampliar. Haberá unha xunta avaliadora formada por todos os profesores/as, que emitirán unha cualificación.

O consello Escolar visto as actas de avaliación concederá as ampliacións de matrícula que procedan.

5.1.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O proceso de recuperación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos.

É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo.

-Exames para alumnos que perderon o dereito á avaliación continua:

Os alumnos que perderon a avaliación continua dun trimestre terán que realizar un exame consistente nunha audición na que interpretarán o repertorio reflectido para o trimestre correspondente nos mínimos esixibles. (1/3 do repertorio do curso en cada caso)

demonstrando o dominio dos obxectivos previstos para o trimestre ou trimestres correspondentes.

Proba extraordinaria de xuño

Para superar as probas de cada curso, o alumno deberá superar os obxectivos e contidos mínimos esixibles non acadados durante o curso establecidos na presente programación.

O exame para os alumnos que non superaron o curso na convocatoria ordinaria consistirá nunha audición onde terá que interpretar a totalidade do repertorio reflectido nos mínimos esixibles da presente programación.

Para a cualificación desta proba, se ponderará da seguinte maneira:

- Valoración dos contidos específicos do curso: 100% da nota.

5.1.5. Recursos didácticos

- A modo orientativo, empregaranse as diversas edicións de selección de arias, romanzas e Cancións así coma as edicións de óperas, zarzuelas, oratorios e Cancións completas.
- Traballarase con métodos según as necesidades técnicas concretas de cada alumno, como por exemplo o Método de Canto Vaccaj (soprano/tenor - mezzosoprano/barítono) ou o Concone entre outros.
- A observación do control corporal se fomentará desde a auto-observación por medio dun espello- xunto coa percepción corporal propia.
- Textos de anatomía e fisioloxía vocal extraídos de libros de técnica vocal e anatomía tales como *El arte del canto* de Arturo Reverter, *Anatomía para la voz* de Blandine Calais-Germain e François Germain ou *Los espacios de la voz* de Myriam Alió, entre outros.
- Un dos fins ao que se orienta o sistema educativo é o da adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos. En base a este desenvolvemento o alumno será motivado a utilizar a grabación da súa voz como medio para analizar a súa correcta fonación.
- O repertorio seleccionarase tendo en conta tanto a diversa madurez vocal do alumnado como o seu nivel musical inicial. Así mesmo terase moi en conta cara a saúde vocal do alumnado a tipoloxía vocal de cada alumno para a selección do seu repertorio.

Repertorio orientativo:

- Obras extraídas da *Selección de arias antigas* de Alessandro Parisotti.
- Obras de E. Toldrá, J. Rodrigo, F. Obradors, J. G. Leoz etc

5.2. ► CURSO: 2º DE GRAO PROFESIONAL

5.2.1. Obxectivos

- Demostrar un control e coñecemento suficiente da técnica respiratoria do canto.
- Adquirir un progresivo control do aire e do apoio da voz, a través da respiración costo-diafragmático-abdominal, dun xeito consciente.
- Coñecer a anatomía e fisioloxía do aparato resoador.
- Coñecer os principios do emprego dos resoadores.
- Interpretar o Repertorio sinalado para o curso coa maior corrección vocal e estilística, respectando as características propias dos diferentes períodos musicais.

5.2.2. Contidos

CONTIDOS TÉCNICOS

- Práctica da Técnica respiratoria do Canto: Apoio e control da columna do aire.
- Coñecemento da amplificación no Canto: Anatomía e fisioloxía dos Resoadores da voz, e a súa utilización no Canto.
- Realización de Vocalizacións con intervalos, aumentando progresivamente a extensión da voz.

REPERTORIO

- Canción de Concerto Española: 2 obras
- Canción de Concerto Estranxeira: 2 obras
- Arias Antigas Italianas: 3 obras
- Oratorio latino: 1 obra

TRABALLOS TEÓRICOS

- *ARQUITECTURA VOCAL: A respiración. Anatomía e Fisioloxía. Elaboración da voz.* Este traballo deberá constar de alomenos 15 páxinas en letra Arial 10 e interlineado 1,5. (Os traballos con faltas de ortografía ou con contidos plaxiados sen citar a fonte non serán avaliados).

5.2.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Mantén unha boa postura ó cantar.
- Posúe os hábitos respiratorios axeitados.
- Mantén unha emisión controlada buscando unha boa impostación e evitando erros de afinación.
- Ten os coñecementos básicos de anatomía e fisioloxía correspondentes ó curso.
- Interpreta (de memoria cando é o caso) con maior corrección técnica e estilística e respectando as características propias dos diferentes períodos musicais, o repertorio correspondente ó curso.

- Entrega e calidade do traballo teórico.

Mínimos esixibles

Para superar cada trimestre e polo tanto o curso o alumnado terá que:

1º TRIMESTRE:

- Controlar e coñecer a postura e a respiración do canto.
- Coñecer a emisión que conduce a un son óptimo.
- Cantar coa maior corrección o seguinte repertorio:
 - 2 obras en calquera das linguas do estado, unha delas obrigatoriamente en galego. Deberán ser interpretadas de memoria.
- Adecuar a xestualidade ao traballo vocal e escénico.

2º TRIMESTRE:

- Coñecer a anatomía e fisioloxía do aparato resoador.
- Cantar coa maior corrección e de memoria o seguinte repertorio:
 - 2 Arias antigas italianas. Deberán ser interpretadas de memoria
- Adecuar a xestualidade ao traballo vocal e escénico.

3º TRIMESTRE:

- Coñecer os principios do emprego dos resoadores.
- Cantar coa maior corrección o seguinte repertorio:
 - 2 obras do xénero de canción de concerto estranxeira.
 - 1 Aria ou dúo de Oratorio en latín.
 - Todo o repertorio traballado durante o curso. De memoria cando sexa o caso.
- Adecuar a xestualidade ao traballo vocal e escénico.
- Realizar un traballo teórico sobre o seguinte tema: *ARQUITECTURA VOCAL: A respiración. Anatomía e Fisioloxía. Elaboración da voz.* Este traballo deberá constar de alomenos 15 páxinas en letra Arial 10 e interlineado 1,5. (Os traballos con faltas de ortografía ou con contidos plaxiados sen citar a fonte non serán avaliados).

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma mais axeitada.
- **Continua:** Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cadanseu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno.

Esta serie básica de ferramentas de avaliación sería:

- Control periódico do grao de consecución dos obxectivos teóricos mediante a realización de probas trimestrais
- Control periódico do grao de consecución dos obxectivos prácticos e de Repertorio mediante a realización de audicións públicas (alomenos dúas por curso) e pequenas audicións de clase.
- Observación diaria e sistemática do alumnado para valorar o nivel de atención e a actitude fronte a materia.
- Control de asistencia e aproveitamento das clases.

Criterios de cualificación

Cualificarase en base aos seguintes parámetros, de 1 a 10:

- Son: beleza vocálica, alcance o presenza do mesmo, timbre uniforme, afinación, medida, etc.
- Técnica e Interpretación : Reguladores e matices dinámicos, “fiato”, expresión, dicción, liña vocal, dificultades técnicas segundo cada nivel, etc.
- Repertorio: Cantidade e calidade do mesmo.
- Actitude: Nivel de atención, concentración e colaboración na clase, grao de interese, asistencia, etc.

O alumnado deberá obter como mínimo un aprobado (5) en cada un dos parámetros para superar a materia.

A cualificación final ponderarase deste xeito:

- a) Valoración dos contidos específicos do curso: 80%.
- b) Valoración das actividades (10%): Audicións, concertos, etc.
- c) Actitude(10%).

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumno supere os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, e que o profesor considere que pode superar os do seguinte.

O Alumno/a interesado en ampliar matrícula notificará este feito aos profesores/as de todas as materias das que estea matriculado. O alumno poderá solicitar permiso para asistir coma oínte ás clases do curso ao que quere ampliar. Haberá unha xunta avaliadora formada por todos os profesores/as, que emitirán unha cualificación.

O consello Escolar visto as actas de avaliación concederá as ampliacións de matrícula que procedan.

5.2.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O proceso de recuperación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos.

É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo.

-Exames para alumnos que perderon o dereito á avaliación continua:

Os alumnos que perderon a avaliación continua dun trimestre terán que realizar un exame consistente nunha audición na que interpretarán o repertorio reflectido para o trimestre correspondente nos mínimos esixibles. (1/3 do repertorio do curso en cada caso) demostrando o dominio dos obxectivos previstos para o trimestre ou trimestres correspondentes.

Proba extraordinaria de xuño

Para superar as probas de cada curso, o alumno deberá superar os obxectivos e contidos mínimos esixibles non acadados durante o curso establecidos na presente programación.

O exame para os alumnos que non superaron o curso na convocatoria ordinaria consistirá nunha audición onde terá que interpretar a totalidade do repertorio reflectido para o curso nos mínimos esixibles, así como a presentación do traballo teórico previsto para o curso correspondente.

Para a cualificación desta proba, se ponderará da seguinte maneira:

- Valoración dos contidos específicos do curso: 100%.

5.2.5. Recursos didácticos

- A modo orientativo, empregaranse as diversas edicións de selección de arias, romanzas e Cancións así coma as edicións de óperas, zarzuelas, oratorios e Cancións completas.
- Traballarase con métodos según as necesidades técnicas concretas de cada alumno, como por exemplo o Método de Canto Vaccaj (soprano/tenor - mezzosoprano/barítono) ou o Concone entre outros.
- A observación do control corporal se fomentará desde a auto-observación por medio dun espello xunto coa percepción corporal propia.
- Textos de anatomía e fisioloxía vocal extraídos de libros de técnica vocal e anatomía tales como *El arte del canto* de Arturo Reverter, *Anatomía para la voz* de Blandine Calais-Germain e François Germain ou *Los espacios de la voz* de Myriam Alió, entre outros.
- Un dos fins ao que se orienta o sistema educativo é o da adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos. En base a este desenvolvemento o alumno será motivado a utilizar a grabación da súa voz como medio para analizar a súa correcta fonación.
- O repertorio seleccionárase tendo en conta tanto a diversa madurez vocal do alumnado como o seu nivel musical inicial. Así mesmo terase moi en conta cara a saúde vocal do alumnado a tipoloxía vocal de cada alumno para a selección do seu repertorio.

Repertorio orientativo:

- Obras extraídas da *Selección de arias antigas* de Alessandro Parisotti.
- Obras de E. Toldrá, J. Rodrigo, F. Obradors, J. G. Leoz, Castro Chané, X. Montes, J. Baldomir, etc
- Arias de Oratorio de A. Vivaldi, A. Caldara, G. Carissimi, etc
- Obras de V. Bellini, G. Donizetti, F.P. Tosti, etc

5.3. ► CURSO: 3º DE GRAO PROFESIONAL

5.3.1. Obxectivos

- Demostrar un control suficiente do aire da emisión e da resonancia.
- Aplicar o control do aire e do apoio ao fraseo.
- Aplicar a correcta emisión ao fraseo expresivo.
- Mellorar e ampliar o control do fiato.
- Acadar unha idónea impostación vocal.
- Interpretar de memoria (excepto o Oratorio e o Lied) o Repertorio sinalado para o curso coa maior corrección vocal e estilística, respectando as características propias dos diferentes períodos musicais.

5.3.2. Contidos

CONTIDOS TÉCNICOS

- Traballo da cobertura da voz: exercicios para acadar unha idónea impostación vocal.
- Mecanización do Apoio da voz no Canto.
- Traballo do Legato na liña vocal.
- Desenvolvemento e aumento progresivo do Fiato.
- Vocalizacións máis complexas, con saltos interválicos e arpexos.

REPERTORIO

- Canción de Concerto Española: 3 obras. Unha delas obrigatoriamente en galego.
- Lied: 2 obras
- Ópera Estranxeira: 3 obras
- Zarzuela: 2 obras
- Oratorio: 1 obra

TRABALLOS TEÓRICOS

- *FONACIÓN: Anatomía e Fisioloxía. A Larinx. Produción do son.* Este traballo deberá constar de alomenos 15 páxinas en letra Arial 10 e interlineado 1,5. (Os traballos con faltas de ortografía ou con contidos plaxiados sen citar a fonte non serán avaliados).

5.3.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Mantén unha boa postura ó cantar.
- Posúe os hábitos respiratorios axeitados.
- Mantén unha emisión controlada evitando erros de afinación.
- Ten os coñecementos teóricos correspondentes ó curso.
- Interpreta (de memoria cando é o caso) con corrección técnica e estilística cada vez maiores e respectando as características propias dos diferentes períodos musicais, o repertorio correspondente ó curso.

- Entrega e calidade do traballo teórico.

Mínimos esixibles

Para superar cada trimestre e polo tanto o curso o alumnado terá que:

1º TRIMESTRE:

- Controlar o aire, a emisión e a resonancia.
- Aplicar o control do aire e do apoio ao fraseo.
- Cantar coa maior corrección o seguinte repertorio:
 - 3 obras en calquera das linguas do Estado, unha delas obrigatoriamente en galego. Deberán ser interpretadas de memoria.
 - 2 Lieder.
- Adecuar a xestualidade ao traballo vocal e escénico.

2º TRIMESTRE:

- Aplicar a correcta emisión ao fraseo expresivo.
- Practicar e lograr un correcto ataque do son.
- Cantar coa maior corrección e de memoria o seguinte repertorio:
 - 3 Arias ou Dúos do xénero operístico, podendo extraerse das grandes obras do Barroco. Deberán ser interpretadas de memoria.
 - 2 Romanzas ou Dúos do xénero zarzuelístico. Deberán ser interpretadas de memoria.
- Adecuar a xestualidade ao traballo vocal e escénico.

3º TRIMESTRE:

- Utilizar unha dicción intelixible e correcta emisión das vogais e consoantes nos idiomas correspondentes.
- Lograr unha idónea impostación vocal.
- Cantar coa maior corrección o seguinte repertorio:
 - 1 Aria ou Dúo do xénero de Oratorio.
 - Todo o repertorio traballado durante o curso. De memoria cando sexa o caso.
- Adecuar a xestualidade ao traballo vocal e escénico.
- Realizar un traballo teórico sobre o seguinte tema:
 - FONACIÓN: Anatomía e Fisioloxía. A Larinxe. Producción do son.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma mais axeitada.
- **Continua:** Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cadanseu trimestre,

así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno.

Esta serie básica de ferramentas de avaliación sería:

- Control periódico do grao de consecución dos obxectivos teóricos mediante a realización de probas trimestrais
- Control periódico do grao de consecución dos obxectivos prácticos e de Repertorio mediante a realización de audicións públicas (alomenos dúas por curso) e pequenas audicións de clase.
- Observación diaria e sistemática do alumnado para valorar o nivel de atención e a actitude fronte a materia.
- Control de asistencia e aproveitamento das clases.

Criterios de cualificación

Cualificarase en base aos seguintes parámetros, de 1 a 10:

- Son: beleza vocálica, alcance o presenza do mesmo, timbre uniforme, afinación, medida, etc.
- Técnica e Interpretación : Reguladores e matices dinámicos, “fiato”, expresión, dicción, liña vocal, dificultades técnicas segundo cada nivel, etc.
- Repertorio: Cantidade e calidade do mesmo.
- Actitude: Nivel de atención, concentración e colaboración na clase, grao de interese, asistencia, etc.

O alumnado deberá obter como mínimo un aprobado (5) en cada un dos parámetros para superar a materia.

A cualificación final ponderarase deste xeito:

- a) Valoración dos contidos específicos do curso: 80%.
- b) Valoración das actividades (10%): Audicións, concertos, etc.
- c) Actitude(10%).

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumno supere os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, e que o profesor considere que pode superar os do seguinte.

O Alumno/a interesado en ampliar matrícula notificará este feito aos profesores/as de todas as materias das que estea matriculado. O alumno poderá solicitar permiso para asistir coma oínte ás clases do curso ao que quere ampliar. Haberá unha xunta avaliadora formada por todos os profesores/as, que emitirán unha cualificación.

O consello Escolar visto as actas de avaliación concederá as ampliacións de matrícula que procedan.

5.3.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O proceso de recuperación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos.

É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo.

-Exames para alumnos que perderon o dereito á avaliación continua:

Os alumnos que perderon a avaliación continua dun trimestre terán que realizar un exame consistente nunha audición na que interpretarán o repertorio reflectido para o trimestre correspondente nos contidos. (1/3 do repertorio do curso en cada caso) demostrando o dominio dos obxectivos previstos para o trimestre ou trimestres correspondentes.

Proba extraordinaria de xuño

Para superar as probas de cada curso, o alumno deberá superar os obxectivos e contidos mínimos esixibles non acadados durante o curso establecidos na presente programación.

O exame para os alumnos que non superaron o curso na convocatoria ordinaria consistirá nunha audición onde terá que interpretar a totalidade do repertorio reflectido para o curso nos mínimos esixibles, así como a presentación do traballo teórico previsto para o curso correspondente.

Para a cualificación desta proba, se ponderará da seguinte maneira:

- Valoración dos contidos específicos do curso: 100%.

5.3.5. Recursos didácticos

- A modo orientativo, empregaranse as diversas edicións de selección de arias, romanzas e Cancións así coma as edicións de óperas, zarzuelas, oratorios e Cancións completas.
- Traballarase con métodos según as necesidades técnicas concretas de cada alumno, como por exemplo o Método de Canto Vaccaj (soprano/tenor - mezzosoprano/barítono) ou o Concone entre outros.
- A observación do control corporal se fomentará desde a auto-observación por medio dun espello xunto coa percepción corporal propia.
- Textos de anatomía e fisioloxía vocal extraídos de libros de técnica vocal e anatomía tales como *El arte del canto* de Arturo Reverter, *Anatomía para la voz* de Blandine Calais-Germain e François Germain ou *Los espacios de la voz* de Myriam Alió, entre outros.
- Un dos fins ao que se orienta o sistema educativo é o da adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos. En base a este desenvolvemento o alumno será motivado a utilizar a grabación da súa voz como medio para analizar a súa correcta fonación.
- O repertorio seleccionárase tendo en conta tanto a diversa madurez vocal do alumnado como o seu nivel musical inicial. Así mesmo terase moi en conta cara a saúde vocal do alumnado a tipoloxía vocal de cada alumno para a selección do seu repertorio.

Repertorio orientativo:

- Lieder de Mozart, Carl Philip E. Bach, Beethoven, Haydn.
- Lieder románticos de Schubert, Schumann, Brahms, etc.
- Composizione da camera de Donizetti e de Bellini, F.P. Tosti, etc.
- Obras barrocas de Haëndel, Vivaldi, Carissimi, Pergolesi, etc.
- Obras clásicas de Mozart, Haydn, Martín e Adoitar, etc.
- Zarzuela de Vives, Sorozábal, Guridi, Barbieri, Serrano, Breton, etc.
- Cancións españolas de Guridi, Turina, Toldrá, García Abril, Falla, Granados, Rodrigo, etc.

5.4. ► CURSO: 4º DE GRAO PROFESIONAL

5.4.1. Obxectivos

- Demostrar un control suficiente do aire e da emisión aplicada ao fraseo.
- Desenvolver unha correcta impostación baseada no apoio axeitado do aire.
- Aplicar os coñecementos acadados sobre a emisión e impostación á interpretación do repertorio.
- Acadar unha voz uniforme e homoxénea de textura e cor segundo a tipoloxía vocal.
- Empregar a fonética axeitada ó idioma das obras traballadas.
- Traballar a flexibilidade da voz a través da axilidade.
